

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

ANUNCIO referente á convocatoria para prover varias prazas vacantes no corpo da Policía Local.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 224, do venres 19 de novembro de 2021, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no corpo da Policía Local da OEP 2021.

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura convocou, mediante Resolución do 4 de novembro de 2021, os procesos selectivos para a cobertura de diversas prazas vacantes no corpo da Policía Local do Concello de Pontevedra, incluídas na oferta de emprego público do ano 2021, que a seguir se sinalan:

– Segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, grupo A, subgrupo A2. Clasificación: escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: inspector/a. O sistema de selección será o de promoción interna.

– Segundo o artigo 76 do Real decreto legislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, grupo C, subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración especial, subescala de servizos especiais, clase policía local. Número de vacantes: 1. Denominación: oficial. O sistema de selección será o de mobilidade horizontal.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín Oficial del Estado* (BOE), os sucesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de edictos da corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 19 de novembro de 2021

O alcalde
P.D. (Acordo do 5.2.2021)
José Manuel González Abal
Director xeral de Recursos Humanos

